



"E, durma ou acorde,  
a semente xermola e medra"

# IZIMIA

REVISTA QUINCENAL DE CRENTE GALEGOS



# SOMOS ROMAXE



ANO XVIII • Nº 538  
Do 21 de setembro  
ó 4 de outubro de 1998  
Vintecinco pesos

**EDITORIAL SAUDADE DO FUTURO** Na Romaxe dixemos: somos Igrexa, e estamos así, asentados nas orixes, manifestando a nosa saudade de futuro.

*Nostalxia do futuro.* Así titulou Ernesto Cardenal un precioso libro de lembranzas, homenaxe a unha comunidade utópica, na Illa de Solentiname, bombardeada cruelmente polo dictador Somoza. Ese mesmo sentimento, de reivindicar a presenza e o futuro do espírito postconciliar que este papado bombardeou, alimenta o noso berro e o de milleiros de cristiáns e cristiás de todo o mundo, coordinados nunha iniciativa de humanización da Igrexa, única maneira de divinizala.

A gracia está en vivir instalados nesa saudade, cos pés –e as mans– no presente, viva a memoria subversiva e o corazón ancorado no futuro.



O ramo do relevo. Esperámosvos en Porto do Son

O noso *Somos Igrexa* non é afirmación de piadozo e caladiño conformismo, de defensa de ningún estado de cousas. É berro e aposta polo cambio, de denuncia do secuestro da etiqueta *fe cristiá* polo integrista clerical, de saudade de futuro. É canción para o camiño, para o pobo en marcha, animado pola forza do Espírito Materno, paridora, creativa, imaxinativa, **i n s u b m i s a** e liberadora.

Por iso resúltanos patético que un bispo como Gea Escolano ouse condenar este movemento nacido en Austria –en Australia segundo *El Correo Gallego*–, unha condena que nace, así, do Poder do Templo e do estamento clerical –os mesmos que perseguiron a Xesús ata o final–, un sector incapaz, de momento, de entender a novidade do Galileo.

A Romaxe expresa para nós, simbolicamente, a Igrexa que aínda non é, pero que é posible, e xa o é un pouco. Aberta e cordial, evanxelicamente partidaria, feminizada e secularizada, festiva e esperanzada, confesante e abertamente dialogante, galega, e por iso, regalía universal para todo o pobo de Deus. Un gran pobo, camiñante de mil falas, por esta terra común, planeta que Deus modelou con amor explosivo, a ritmo de Big Bang.

Por iso somos Igrexa. Por iso somos Romaxe.

## O TRASNO UN PAÍS PARA ANDAR POR CASA

Os galegos e galegas vivimos sen vivir en nós.

Como a mística Tereixa de Ávila, pero diferente: vivimos sen vivir en nós e tan alta vida esperamos dos paraísos televisivos, que morremos por non poder, para sempre eternamente, deixar de ser deste sitio distinto e distante, impresentable, en suma.

Vivimos sen vivir en nós, por iso derrubamos casas e muíños de pedra, musgo e tella, e esperamos tan alta e distinta vida que nos engaiolan as fotos de calendario con fragas alpinas e aguzadas casiñas de madeira.

Vivimos sen vivir en nós e temos un idioma propio empequencido, bonsai simpático, para andar por casa, patán e tabernario, vostede disimule, indigno de nenos, señoritas e alcaldes da Coruña. E tan alto apuntamos que temos outro idioma postizo, homologable, para triunfar na vida, para ser normais polo mundo adiante e caerlles simpáticos ós tertulianos de radio nacional.

Vivimos sen vivir en nós e por iso temos uns equipiños propios, cun nivelíño ou nivelazo, pero non renunciámos nunca, tan alta vida esperamos, a sermos doutro equipo, dos fortes de sempre, para sermos como a xente que sae pola tele.

Vivimos ser vivir en nós e por iso temos uns gaiteiríños que namoran, pandeiro e tamboril, zocas, pana e aturuxo, e pouco máis falta, se queres, acordeón, que enche moito. Pero como tan alta vida esperamos, témolos que disfrazar de universais, con gaitas de tres roncós, en bandas de tropecentos, aire militar e mesmo saias,.... así, xa non parecen dos nosos, que son particulares, pouco europeos.

Vivimos ser vivir en nós, por iso, sendo terra húmida, morna e fértil, capaz de sorprendente biodiversidade e de montes inzados de madeiras nobres,... plantamos eucaliptos ata na beira dos ríos –para que medren alto como a vida que esperamos–, guindamos a lavadora vella no medio do monte común e deixamos que as Celulosas impoñan a súa política forestal de terra queimada, valla a metáfora, que carafio se vale.

Vivimos sen vivir en nós. Somos emigrantes de espírito. E seguimos sen rebelarnos. Morreremos en pleno arrebatado místico no medio de aplausos. Amén.

Manuel Pérez Blanco

**A PALABRA**

Amós, 6, 1-7

¡Malia os que viven tranquilos en Sión  
e dos quen se senten seguros  
no monte de Samaría,  
homes notables  
ós que acode a xente de Israel.!

Intentan arreda-lo día da desgracia  
favorecendo unha situación de violencia.  
Déitanse en leitos de marfil  
vaganean nas súas camas,  
xantando carneiros do rabaño  
canturuxan versos ó son da harpa,  
beben viño en xerras  
e bótanse esencias de primeira calidade,  
máis a desfeita da casa de Xosé non os deprime.  
Por iso irán ó desterro  
diante dos exiliados.  
Rematou a esmorga dos  
nugalláns.

**O ECO**

**A vida é un regalo.** Con ela déronnos un tempo e un mundo cheo de bens para disfrutala. Xa desde meniños abrolla en nós o desexo de gozarnos da vida. E, como queremos vivir de cheo, imaxinamos, que canto máis ricos, e cantas máis cousas posuamos, máis gozaremos. E xa dende o berce hai en nós unha inclinación ó egoísmo, á cobiza.

O mundo no que vivimos alimenta estas actitudes, fomentando o consumo: as propagandas e os grandes almacéns poñen ó noso dispór un mundo de realidades “marabillosas” para sermos máis felices.

Dísenos, que só se vive unha vez, que a vida é curta, e que hai que aproveitala xa, agora e a tope. Dísenos que cada pao ha de aguantar da súa vela. Que estamos no mellor dos tempos históricos; que todo mundo pode ter a súa posibilidade; polo tanto o que sexa parvo que espabile.

¿Quen pode resistir a tentación de querer ser rico? Os ricos son o noso modelo, o noso ideal. Envexámo-lo seu estilo de vida, e na medida das nosas posibilidades imitámolo. Agardamos con ansiedade un golpe de sorte: unha lotería, un quiniela... que nos iguale a eles. No noso mundo a vergoña máis grande non é ser ladrón senón máis ben ser POBRE.

Pero a riqueza ten unha irmá siamesa: “a pobreza”. Ser rico supón, normalmente, excluír ós outros duns bens que se reservan para disfrute exclusivo dunha minoría, ou tamén ostentar uns determinados privilexios á conta da suor e a opresión da maioría. O corazón cobizoso do rico pode enfermar de soberbia, facéndose insensible ante a necesidade do irmán; claudica diante do seu grande ídolo: o diñeiro, que lle impón a súa férrea lei.

Hai unha experiencia máis fermosa e máis humanizadora, que crea gozo verdadeiro e perdurable: o COMPARTIR. Para vivila hai que comezar por asimilar aquilo de “BENAVENTURADOS OS POBRES...”

Xoán C. Rodríguez Herranz

**A CLAVE** O gremio dos profetas e “os magníficos”

Simplemente fartouse. El non era “ben nabí”, de clan de profetas, profeta de profesión e culler. Arrincouno da súa vida rural a tarefa ineludible de profetizar, que despois trocaría en paixón vital. Non era para menos. Co imperialismo asirio ás portas, os arribistas de Samaría aproveitan a tregua: o rei Xeroboam II promove o despegue mercantil.

Os que a si mesmos alcuman de “os magníficos” (v 1) *beautiful people, jet set*, pasan á carga: acumulan terras, monopolizan o gran, edifican chalés na capital, as súas donas (“vacas de Basán” no 4,1: de bo ver e lustrosas, pois os canons estéticos non eran certamente anoréxicos), pídenlles diváns de marfil, cócteles de viño e mirra, perfumes sidonios, “luxus et luxuria”. Lonxe o espírito beduíno da hospitalidade, a irmandade, a sobriedade nas tendas; por terra o Espírito do pacto: xustiza e solidariedade. Arribismo e explotación contra irmandade.

O alto clero, no santuario nacional (Betel) facendo o xogo ós logreiros. O proveito egoísta bendicido polas instancias relixiosas. O Iavismo reducido á hipocrisía. Pero o agoreiro Amós trae a dura realidade. O “Día de Iavé”, festa triunfal popular e cültica, convértese na súa boca en día da desfeita: “Coidades serdes os primeiros das nacións; seredes os primeiros dos deportados”. Seredes un “resto”, pero non coma grupo simbólico portador da promesa, senón a redución ó mínimo dos que antes se chamaban crentes. Non debeu predicar moito tempo; se cadra só un ano. Non sabemos como acabou; algúns discípulos conservaron os seus breves ditos.

Si sabemos que no ano 746 a. C. morreu Xeroboam II. No ano seguinte subiu ó trono de Asiria Tiglatpileser III que iniciou a invasión. Entre o 742 e o 722 caía a capital do reino, Samaría. Quedou a vocación e a coherencia, a tarefa ineludible e constante de profetizar. Unha vez máis era paradigma do operar de Deus, ou mellor do mal que o imos facendo con Deus e de como El vai, a pesar noso, liberándonos. Con palabras de Moisés en Num 11,29: “¡Que dera que todo o pobo dos Señor profetizase!”



# A PENEIRA

**"OUTONO"** é o título desta fotografía de Xoaquín Díaz Pache e aínda que non podemos ofrecer aquí todo o abano de cores ocres, marróns, verdes que o orixinal agasalla, é unha chamada a conserva-la paisaxe do noso país que se está a perder en moitos recantos, ás veces impoñendo árbores ou plantas que nos están igualando a outros países, mesmo con axudas da UE, pero que están a destruí-la nosa identidade e xeografía. É tamén un convite a deixarnos mergullar nas cores desta estación, a foto é unha instantánea dun lugar moi fermoso: os muiños de Verdes na beira do Río Anllóns en Bergantiños e recollémola da carpeta "Auga" deste creador de Ferrolterra. E mentres, viaxamos a outra das comarcas cunha das paisaxes máis definidas, a Terra Cha, para recita-lo poema de Aquilino Iglesia Alvariño: "A mañá" de "Cómaros Verdes", o seu libro que acaba de cumprir 50 anos.

A mañá

Mirade esta mañá, fría, de outono  
cos derradeiros pero no pereiro,  
coas primeiras castañas regañadas.

N'é o recouchío tolo de San Xoán.

Por entre as bagas roxas dos acibros,  
en verde bronce frío, negros merlos,  
limpos e petulantes de retóricas,  
coma un fato de clérigos en sínodo.

A terra das aradas, tenra e doce,  
respira, coma en sono, acubillada,  
na nebra da mañá. De suco en suco  
hai rosarios e teas rebrilantes  
de arañas, coma vidros e solpores.


O sol ven dobregado, e xa se escoa  
po-los craros do espeso medianil.

Po-los bicos das árbores, bandadas  
de pegas carniceiras e de pombos,  
todos en traxe novo e pruma limpa.



## A ECONOMÍA SUMERXIDA

segue a medrar en Galicia máis que noutros países, ata tal punto que o 20% dos cartos teñen esta procedencia: talleres clandestinos do téxtil, moitas horas extra sen salario, traballos paralelos das amas de casa, etc., total 22 traballadores de cada cen. E todo isto hai que telo en conta a hora de matiza-lo incremento de vendas que está a te-la industria téxtil, por exemplo, 45.147 millóns de pesetas no pasado ano. É A Coruña a que concentra a maior parte do volume exportador do país neste sector: o 89,06% do total, abonda con todo o mercado de Inditex.



## A LOITA POLO PODER,

na antesala das eleccións municipais, volta a encubri-los verdadeiros problemas do país, moito máis rexeitable nun PP que goberna, a transparencia que merecen os electores non existe e mentres, pelexan entre eles por máis cotas de poder entre os seus máis dóciles clientes. Moitos xeitos de face-la política están a sufrila cobiza de toda unha rede de intereses que están a afoga-lo ben común, e isto é máis perigoso na administración local. Os que seguen a move-los fíos desta tupida maraña de caciques locais son as deputacións, alleas ó control do Parlamento, e que están a gasta-la cuarta parte do total de tódolos concellos do país. Só a da Coruña rondou o pasado exercicio máis de 18.500 millóns, máis que as de Ourense e Lugo xuntas. A ilustración é de Siro.

## "PAPEIS PARA TODOS E PARA TODAS. NINGÚN SER HUMANO É ILEGAL"

é un berro que está a proclama-la Asociación Pro Dereitos Humanos en contra dos desmáns da Lei de Estranxeiría e que están a sufrilos emigrantes procedentes do norte de África. Os 360 xoves marroquís, da representación oficial integrada por 400, que asistiron a Expo de Lisboa "desapareceron" por estos lares. O 75% dos seus veciños queren atravesalo Estreito na busca de pan e liberdade, pero no que vai de ano xa foron expulsados 17.000 deles e preto de mil deixaron a súa vida no intento. Mentres, as mafias están a explotar toda esa ansia de mellora de vida e mesmo o dictador de Marrocos está a utilizar tanta miseria como unha arma política para acadar outras cousas. En Italia son os tunecinos os que están a chamar con premura nas portas de Europa.



## O VOTO DOS INMIGRANTES

nas eleccións lexislativas de Alemaña do vindeiro día 27 vai ser decisivo sobre todo para que os seus dereitos sexan máis respectados nun país cun forte lastre de racismo. Non tódolos emigrantes poden votar, pois nin os fillos que nacen naquel estado teñen a nacionalidade e o dereito a adquirila é para os residentes de ata 15 anos. Alí viven máis de 7 millóns de inmigrantes e un de cada seis alemáns é fillo dun matrimonio mixto. Na fotografía o deputado verde, Ozdemir, nacido alemán, pero de ascendentes turcos, que está a traballar para que os emigrantes sexan recoñecidos como verdadeiros cidadáns, mesmo está a conciencia-la sociedade para que poida ensinárselo islam nas escolas como as relixións cristiáns. Berlín é a comunidade estranxeira con máis turcos, máis de 160.000. Un dos temas máis quentes desta campaña electoral está a se-la miseria a que están condenádo-los máis xoves inmigrantes.



## "A ECONOMÍA DE GALICIA. DESENVOLVEMENTO E GLOBALIZACIÓN" É O TEMA DUN CONGRESO A CELEBRAR

EN Santiago os días 23 ó 25 deste mes, organizado polo Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia. Quere ser un encontro dos estudiosos da nosa economía, e nel van a participa-los principais profesionais desta ciencia aplicada á nosa realidade. É unha mágoa que os representantes políticos das diferencias administracións non teñan que estes debates. A conferencia inaugural aportará toda a memoria histórica de Xaime Illa couto que aparece na fotografía, quen se mantén mozo pero xa foi fundador das Mocidades Galeguistas na República e Director despois da Revista de Economía de Galicia e da Revista Galega de Estudos Agrarios, sen esquecer-lo o seu compromiso liberador coa fe na Comunidade de Vida Cristiá de Vigo.

## In Fieri<sup>SL</sup>

### A REVISTA GALEGA DO LIBRO,

*Eidos do Libro*, vai ser presentada neste mes no Ferrol, aínda que está destinada ós profesionais e afeccionados ó mundo do libro, a súa oferta é ben acollida por calquera lector. Desde os comentarios e críticas ás novidades que están a aparecer ata as conversas cos escritores, bibliotecarios, etc., enchen as súas páxinas de vida e creatividade. A editora, "In Fieri", está a solicita-la colaboración de tódolos que teñen algo que escribir sobre este amplo universo, abríndonos as portas desta publicación bimestral. Para todo o relacionado con *Eidos do Libro*; Rúa Ourense 13, baixo. 15403. Ferrol.

## A "SÍNDROME NNA" E O TERCEIRO MILENIO

Aínda que poida parecerlo polo título, non vou ousar falar de bioloxía ou medicina, ciencias nas que debo confesala miña pouca competencia. A *síndrome* do que quero falar agora ten máis que ver coa vida da miña sociedade e coa mesma vida da Igrexa. Esta *síndrome*, como tantas outras, vén nomeada con siglas da nova lingua do imperio, o inglés, e vén significar algo así como "Non hai Ningunha Alternativa". É unha síndrome que ven sendo imposta nos últimos anos, polo que se deu en chamar "pensamento único", global; unha concepción do mundo, da vida, da política e da economía que nos quere convencer de que hoxe xa non hai máis ideoloxía viable cá ideoloxía neoliberal e o sistema económico de mercado total. Por tanto, como o letreiro que o Dante puxo na porta do inferno, cómpre "abandonar toda esperanza" en calquera utopía de cambio transformador, pois está de antemán condenada ó fracaso. Así que colle o anaco do pastel máis grande que poidas, e... "a jugar".

Este pensamento tamén está moi metido na Igrexa, onde un pretendido "realismo" esterilizante impide a moitos seguir apostando pola utopía do Reino de Deus que anunciou o Mestre de Nazaré. Afortunadamente, o que é un rotundo fracaso é precisamente a pretensión de impór un "pensamento único", e na Igrexa, a pesar dos medos esterilizantes e dos cansazos paralizantes, xorden constantemente aquí e acolá movementos libres que manifestan a liberdade do Espírito que sopra onde quere e como quere. "Onde está o Espírito de Deus alí hai liberdade", vida e esperanza; esa esperanza activa nunha vida en liberdade e xustiza é o único

antídoto contra a paralizadora *síndrome NNA*.

O *Movemento Internacional Somos Igrexa* (IMWAC) está sendo neste momento capaz de ir aglutinado numerosas organizacións e redes locais ou internacionais que queren renovar a vida da Igrexa, porque contrariamente ós seus acusadores están... ¡convencidos de que a Igrexa aínda ten moita vida! Isto é o que manifesta cada día a información que o IMWAC se encarga de comunicarmos ós que estamos conectados coa plataforma a través de Internet.

Posiblemente, un dos meirandes logros desa plataforma renovadora da Igrexa foi a de crear un espazo de comunicación libre, democrática, descentralizada, descolonizadora e rápida entre os católicos e cristiáns de todo o mundo que apostan confiados por un cambio da Igrexa desde a base. A través do espazo libre de Internet crebáronse os estreitos límites localistas das igrexas e a información relixiosa e social filtrada polos medios que están suxeitos ó poder.

Por iso, os coordinadores do IMWAC recoñecían recentemente nun documento difundido pola rede: "Gracias a tecnoloxías novas coma o e-mail, dispomos de posibilidades inauditas para dialogar sobre a nosa Igrexa e o seu liderato, non só como grupos nacionais, senón tamén como *comunidade internacional de fe e esperanza*. Podemos *falar en moitas linguas sobre o futuro da nosa Igrexa* e sobre as maneiras en que a nosa comunidade de fe e os seus líderes podan ser máis fieis ó Evanxeo".

Pode que, con tódolos seus inevitables erros, sexa esta plataforma unha ocasión excepcional para vivir a verdadeira

*catolicidade* ("universalidade") e unha aposta ecuménica seria da Igrexa, e, de paso, aprobar a súa materia pendente coa modernidade, se a xerarquía olla para ela con amor dialogante e deixa de botarlles enriba os cans cerbeiros da ortodoxia esterilizante, que, esquecendo aquilo de "o sábado é para ó home e non o home para o sábado", xa andan a "previr" ós católicos do "perigo de chegar a contaxiarse a través de Internet e demais medios de comunicación modernos co xermolo de democratización que xurdiu entre os fieis de Europa central". Pode que, a pesar dos medos duns e a miopía de outros, o berro "Somos Igrexa" se vaia convertendo nunha canle para a forza transformadora



## Victorino Pérez Prieto

do Espírito, e troque a *síndrome NNA* en esperanza dunha vida nova que non sexa só para o outro mundo.

No tempo de verán difundíronse, entre outros moitos comunicados, dous documentos máis longos e especialmente interesantes: *Dores de parto dunha Igrexa para o terceiro milenio* e *Un Papa para o tempo que desputa. Bispo de Roma e Pastor Universal*. O primeiro, tras unha introducción da portavoz e principal coordinadora da comunicación na rede, a colombiana-alemana Elfriede Harth, trae unha completa información sobre a presenza da plataforma renovadora nos distintos países e pobos do mundo. Os nomes do movemento en cada país son tremendamente expresivos. Desde a pioneira austríaca *Plataforma Nós Somos Igrexa* co seu "Chamamento ó Pobo de Deus", ou o tirolés *Por unha Igrexa máis*

*humana*, e o belga *Por unha Cara diferente da Igrexa e a Sociedade*, ata o sinxelo nome dos norteamericanos, ingleses e irlandeses: *We Are Church* ("Nós somos Igrexa"), que asumiron literalmente traducido os irmáns de Portugal e Brasil: *Nós Somos Igreja*, e o máis sinxelo dos españois e sudamericanos: *Somos Iglesia-SI*, que asumimos no galego *Somos Igrexa*.

A semana que vén teremos ocasión de traer a estas páxinas o segundo documento centrado na idea do Papa que queremos para o terceiro milenio, co que se manifesta que se acepta a súa figura, igual que se manifestou o valor do ministerio sacerdotal -renovado- na Declaración, contrariamente a outras ideas dunha Igrexa sen curas, que ás veces se lle apoñen falsamente a *Somos Igrexa*.



## GALERIAS SARGADELOS

- ✿ 27891 CERVO (Lugo)  
Teléf.: 982 - 55 78 41  
Fax: 982 - 55 78 04
- ✿ O CASTRO DE SAMOEDO  
15168 Sada (A Coruña)  
Teléf.: 981 - 62 09 37 / 62 02 00  
Fax: 981 - 62 38 04
- ✿ Rúa Nova, 16  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléf.: 981 - 58 19 05  
Fax: 981 - 58 18 88
- ✿ Provenza, 274  
08008 BARCELONA  
Teléf.: 93 - 215 01 79  
Fax: 93 - 215 01 79
- ✿ Zurbano, 46  
28010 MADRID  
Teléf.: 91 - 310 48 30  
Fax: 91 - 310 48 30
- ✿ Habana, 20  
32003 OURENSE  
Teléf.: 988 - 37 09 26  
Fax: 988 - 37 09 28
- ✿ Dolores, 55  
15402 FERROL  
Teléf.: 981 - 35 37 14  
Fax: 981 - 35 37 16
- ✿ Pza. Sto. Domingo, 4  
27001 LUGO  
Teléf.: 982 - 22 78 04  
Fax: 982 - 24 49 13
- ✿ Dr. Cadaval, 24  
36202 VIGO  
Teléf.: 986 - 22 00 50  
Fax: 986 - 22 04 74
- ✿ Albareda, 17  
41001 SEVILLA  
Teléf.: 95 - 421 67 08  
Fax: 95 - 421 67 08
- ✿ Via A. Volta, 20  
MILANO, 20121  
Teléf.: 02.657 58 99  
Fax: 02.657 58 99
- ✿ Oliva, 24  
36001 PONTEVEDRA  
Teléf.: 986 - 85 25 84  
Fax: 986 - 85 79 18

## SOMOS ROMAXE: VISIÓN DUNHA PRIMEIRIZA

*Era a primeira vez que ía a unha Romaxe. Fun con Manolo, unha das persoas do equipo organizador, e coa súa irmá Sabela. Saímos cedo de Santiago cara a Monforte. Polo camiño o sol ía aparecendo polo horizonte alumeando todo, aínda que atravesamos zonas con brétema. Sería un bo día a pesar da chuva da xornada anterior.*

Chegamos a Cadeiras sobre as dez e media: había pouca xente, estábanse a face-las últimas cousas. Sabela e máis eu, deixando ós organizadores ó seu, decidimos dar un paseo polos arredores. Funlle amosa-lo miradoiro onde se contemplaban os canóns do Sil. Aquel lugar silencioso encheríase pola tarde de irimegos con ganas de face-lo mesmo ca nós.

### ACOLLIDA

Empezaba a chega-la xente nos autobuses e nos coches. De volta ó Santuario probamos un cachiño de rosca que unhas mulleres amablemente nos ofreceron.

Manolo deunos traballo, polo que antes da misa estivemos no posto de venda do video didáctico que se fixo para explicar en que consiste a Romaxe. Logo, debido á

cantidade de persoas que se xuntaban, axudamos ós mozos e mozas de Pinol coa venda dos medallóns e o libro das Romaxes recién saído do prelo. Por certo, teño que agradecer a Mari, unha das mozas que estaban no posto, a súa axuda e simpatía no medio daquel rebumbio. Un pouquiño máis tarde, como pasaba das doce, deixámo-lo traballo porque xa empezaba a Celebración.



Hai quen di que imos de cu con isto de "SOMOS IGREXA". ¿E non será que están quedando atrás?



Unha moi boa acollida

### UNHA CELEBRACIÓN FEITA ENTRE TODOS

Achegámonos ó palco ficando xusto diante da mesa do son. Aquelo estaba cheiño de persoas de tódalas idades atentas ó que estaba a pasar. Abrín o libro da celebración para seguila. Este ano xirou en torno ó documento "Somos Igrexa", que eu coñecía pola Revista. Este movemento, que naceu en Austria e que pretende facer entre todos unha Igrexa máis democrática, aberta e participativa, foi un descubrimento para moitos dos que estaban alí.

A misa foi para min algo novo; no palco, ademais do crego, estaban as persoas que dialogaban connosco e o grupo Saraibas, que levaba a parte musical. A maioría da xente participaba cantando e respondendo segundo o folleto que este ano creo que fixeron Paco de Aguiño e Rubén. Desenvolveuse todo nun ambiente ledo e festeiro.

Pola metade da Celebración os representantes de Cadeiras entregaron o Ramo ós de Porto do Son, que o ano vindeiro acollerán a XXII Romaxe de Crentes Galegos.





Insistimos: SOMOS IGREXA



Paco de Aguiño, Irimego de pura cepa. autor da Liturxia

### INNOVACIÓNS

Seica este ano houbo unha novidade na liturxia: engadíuselle unha terceira parte, que quería significa-la sobremesa que segue a todo xantar farturento, pero como se facía un pouco longa decidiron cortar uns anacos cara ó final. Rematouse co berro seco, que tivo moita forza.

### SEGUNDA SOBREMESA

Despois do xantar compartido fomos dar un paseo. No miradoiro cara á esquerda, monte abaixo, ficamos nun penedo contemplando a fermosura da paisaxe. De volta ó Santuario xa estaba Saraibas actuando facía un anaco. Bailamos un ratiño ó ritmo das súas cancións e logo presentáronnos unha actuación de mimo

por parte de dous mozos que pretendían facernos ve-las desigualdades norte-sur. A min, particularmente, gustoume moito. Rematou a Romaxe coa oración comunitaria no interior do Santuario. Logo disto collímo-lo coche de volta a Santiago. O día fora intenso e estábamos cansos.



Todos comulgamos con "SOMOS IGREXA"

# POLAS NOSAS ROMAXES MEDIEVAIS (XI)

## SANTIAGO DE COMPOSTELA

O desenvolvemento da nosa lírica medieval cadra cos séculos esplendorosos de Compostela, cando centos de peregrinos de tódolos estamentos sociais acudían a orar ante os supostos restos do apóstolo Santiago. Entre eles non podían falta-los trovadores e os xogares, uns na procura do perdón dos seus pecados, e os máis por aquilo de coñecer novas terras e tratar con outras xentes.

Portugueses, casteláns, leoneses, galegos,... todos acudirían polo menos unha vez na vida, por devoción ou por lecer, percorrendo camiños, carreiros e corredoiras, e facendo noite nas pousadas que había ó longo da ruta. Algúns trovadores dispoñían de medios dabondo para vir na compañía de criados, pero moitos xogares tiñan que andar gañando o xantar de cada día tanxendo o seu instrumento e botando unha e outra vez cantigas propias e alleas.

Tampouco faltaban os composteláns de nacemento ou de residencia, como, entre outros, Abril Pérez, Airas Nunez (que quizais colaborase nas *Cantigas de Santa María* do rei Sabio), Bernal de Bonaval (que puido asistir á consagración da igrexa de San Domingos), Xoán Airas (*burgués de Santiago*), Xoán Vázquez de Talaveira (que para algúns puidera ser toledano), Martín Anes Mariño (con posesión na aldea de Lamiño, en Brión), Osoiro Anes e Pero Eanes Mariño (que se teñen por irmáns do anterior, pero que agora parece ser que non é así), Pai da Cana (do lugar compostelán así chamado), Pero de Berdía, Pero Meogo e Roi Fernandiz (capelán de Afonso X). Así como os nados nos arredores, na "terra de Santiago", entre os que sobresaen Afonso Eanes do Cotón (de Negreira), e Martín de Xinzo (tal vez de Bastavales).

Pero ningún deles se lembrou nos seus versos da cidade, nin tampouco de Santiago. O único que invocou unha vez ó apóstolo foi Paio Gomez Chariño, almirante de mar e señor de Rianxo, que está enterrado no convento franciscano de Pontevedra:

*¡Ay, Santiago, padrón sabido,  
vós mh' adugades o meu amigo!  
Sobre mar vén quen frores d' amor ten,  
myrarey, madre, as torres de Geén.*

*¡Ay, Santiago, padrón provado,  
vós mh' adugades o meu amado!  
Sobre mar vén quen frores d' amor ten,  
myrarey, madre, as torres de Geén'.*



SANTIAGO APÓSTOLO, Grabado antigo (Colec, Bouza-Brey, Museo do Pobo Galego).

CARPANCHO OU CORPANCHO

Malia a súa sona e importancia relixiosa, o santuario compostelán só figura nunha cantiga da autoría dun trobador ou xograr que se supón nado en territorio galego, alá polo século XIII. Atendendo a esta mención, poderíase pensar que quizais foi natural desta cidade ou dos seus arredores, pero neste caso en particular cómpre ter en conta que Compostela era coñecida de todos e podía ser nomeada por persoas de moi lonxe, mesmo aínda por aquelas que nunca estiveran nela.

De Carpancho ou Corpancho coñécense 13 cantigas, das que cinco son "de amor" e oito "de amigo". Agora de todas elas só nos interesa unha do segundo xénero, a que empeza co verso: *Por fazer romaria, pug' en meu coraçom...*

Como en tódalas cantigas de amigo a protagonista é unha moza, que esta vez acode en romaría a Santiago, pero non soamente por facer oración, -esa é a desculpa-, senón para atoparse co amigo que ese día está na cidade. E moito mellor será aínda se non

vai con ela a nai, porque entón poderán falar das súas cousas libremente, andar ledos polas rúas e prazas, ... Pasar unha inesquecible xornada de lecer escoitando ós xograres cómo contan historias de amores imposibles, rirse dos bufóns que fan xogos malabares, e entrar nas tendas da Rúa Nova, Preguntoiro, Franco,..., nas que se pode mercar de todo: dende as mellores teas importadas de Oriente, ata as máis ricas alfaias labradas polos ourivés composteláns:

*Por fazer romaria, pug' en meu coraçom,  
a Santiag', un dia, por fazer oraçom  
e por veer meu amigo logu' i.*

*E sse fezer tenpo, e mha madre non for,  
querrey andar mui leda, e parecer melhor,  
e por veer meu amigo logu' i.*

*Quer' eu ora mui cedo provar se poderey  
hir queymar mhas candeas, con gran coita que ey,  
e por veer meu amigo logu' i<sup>2</sup>.*

1 Cancioneiro da Biblioteca Vaticana (CV), 429; Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa (CN), 843. Segundo a edición do equipo do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro", *Lírica profana galego-portuguesa*, Compostela, 1996. *Adugadas* (de *aducer*, traer) = Traedes; *Geén* = Jaén, cidade andaluza. 2 CV, 265; CN, 663. / = alí.

O CARRABOXO por ROBE LOUIS



## ¿SABEMOS LER A PAISAXE?<sup>1</sup>

Unha das preocupacións básicas de calquera sociedade é, non hai dúbida, a educación. Todos queremos que os nosos fillos saiban ler, escribir, sumar ou restar, nos seus primeiros pasos na aprendizaxe.

Poucas veces, en troques, ó longo da nosa vida nos preocupamos da necesidade de aprender a ler todo o que nos rodea, o noso contorno, a nosa realidade paisaxística.

Todos presumimos de instruídos, de cultos e con estudos mais realmente ¿cantos de nós sabemos le-la paisaxe?

A resposta é ben sinxela e podémola atopar en calquera regato emporcaldado polo lixo, en calquera bosque ferido por un incendio, en calquera cidade afogada pola contaminación. A nosa sociedade non sabe ler, porque se non, sería capaz de seguir estragando todo o que a rodea, unha vez coñecedora da realidade mesma. Sabedora xa de todo o que nos aporta o medio, o contorno que vivimos, coñecedores tamén da súa fragilidade e do impacto que neste producimos.

Por iso tería que nacer unha nova proposta pedagóxica que ensinase á sociedade a ler, si a le-los montes, a ler nos ríos, a ler no vento ou na choiva, no val ou na chaira, no mar ou no bosque.

Porque le-la paisaxe non é só ver nun bosque árbores, senón saber que estas árbores están coma parte da vida, da nosa vida. Saber ler é cando nun contorno distinguimos e comprendémosla realidade cultural, etnográfica, económica, medioambiental na relación do ser humano co seu medio.

Se todos soubesemos ler, non hai dúbida que poderíamos garantir un futuro en

harmonía para o noso vello e canso planeta terra.

E non hai dúbida de que a mellor escola para aprender de novo a ler está o carón nosa, non custa un peso, é lúdica e divertida, acolledora e sensible, está en cada palmo de terra, en cada árbore, en cada bolboreta e cada pequeno regato fresco do outono.

¿Volvemos á escola? ¿Por que non en setembro, no novo curso, na universidade foresta da Galicia; ou no instituto dos mil ríos da nosa nación?

*1 Dedicado a unha nena que volve á escola nunha vella carballeira onde o mundo se chama Garabelos.*



## A ORIXE DO CLAN HUMANO

(Xénese 2)

<sup>3</sup>Cando o Señor Deus fixo a terra e mailo ceo, na terra non había aínda ramallada nin xermolaba herba no campo,, porque o Señor Deus non fixera chover sobre a terra nin existía o ser humano que traballase no agro<sup>1</sup>.

*Aparece claro que este relato está elaborado a partir da experiencia do deserto. Aparece un mundo de secaño:*

<sup>4</sup>Da terra deitaba un manancial que regaba o campo<sup>2</sup>, e o Señor Deus formou un ser humano do po da terra, soproulle no nariz o alento da vida e tornouse o ser humano persoa viva<sup>2</sup>.

*O Ser Humano, o Telúrico, non é aínda máis ca un cacharro. A narración parece o relato dun beduíno do deserto que ansía chegar a un oasis: imaxe dun parque oriental, ben choído e amparado, do que lavé é o dono, o adam só caseiro. O seu nome é Edén, que significa pracer.*

<sup>5</sup>O Señor Deus plantou un xardín en Edén, cara a oriente, e puxo nel o ser humano que formara. <sup>6</sup>Fixo xermolar da terra árbores fermosas para a vista e boas para comer, e entre elas a árbore da vida e a árbore do coñecemento do ben e do mal. <sup>10</sup>En Edén nacía un río que regaba o xardín e de alí ía partirse en catro brazos [...] <sup>15</sup>O Señor Deus estableceu o sr humano no xardín de Edén para que o traballase e coidase. <sup>16</sup>El deulle esta orde: – "Podes comer do froito das árbores todas do xardín <sup>17</sup> pero da árbore do coñecemento do ben e do mal non comerás, pois en canto comas dela, morrerás sen remedio"<sup>3</sup>.

*O resto das criaturas van ser creadas do barro, pero xa sen o Alento divino -ese boca a boca co Creador coa súa Imaxe-, que fai do ser humano algo específico:*

<sup>18</sup>O Señor Deus pensou: –"Non está ben o ser humano so. Vou facer para el unha axuda ó seu xeito". <sup>19</sup>O Señor Deus formou de terra as feras do monte e os paxaros do ceo, e presentoullos ó Humano, para ver qué nome lles puña. Cada ser vivo levaría o nome que o Humano lle puxese. <sup>20</sup>=Humano púxolles nomes ós animais domésticos, ós paxaros do ceo e ás feras do monte. Pero entre eles non había unha axuda ó seu xeito<sup>4</sup>.

*Agora o Creador vai actuar, non coma anestésista, senón coma un adormecedor, para que o Telúrico entre nun soño profundo, que nos soños era onde se recibían os anuncios divinos e onde se realizaban as accións de Deus.*

<sup>21</sup>Entón infundiou o Señor Deus un sono profundo no Humano, e este adormeceu. Tiroulle unha costela e cerrou con carne o sitio.

<sup>22</sup>Da costela do Humano formou unha muller e presentoulla ó Humano<sup>23</sup>. O Telúrico exclamou: –"Agora esta é coma min, o mesmo óso, a mesma carne. Chamarase muller, porque foi tirada do Humano".

*Nace o sexo, o xénero, neste caso, feminino, porque as primeiras deidades eran femininas, representando a fertilidade da terra. E o autor sagrado fai un comentario que non é orde ningunha, senón simple verificación:*

<sup>24</sup>Por isto deixa o Humano a seu pai e a súa nai para xuntarse coa súa muller e faceren un mesmo corpo.

*Créase a sexualidade, pero non resulta vergoñenta:*

<sup>25</sup>Estaban os dous espidos, o Humano e maila muller, pero non sentían vergoña<sup>5</sup>.

<sup>1</sup> Pode sorprenderte que principiemos polo capítulo 2 da Xénese. O capítulo I elaborouse catro séculos máis tarde, en pleno desterro babilónico. Este relato, en cambio, está feito no século X ou IX, baixo a influencia do reino de Salomón. Os escribas ou sabios que o Rei Sabio meteu na corte de Xerusalén elaboraron este fermoso relato sapiencial.

<sup>2</sup> O creador actúa coma un alfareiro. "Barro y aliento". Así se chama un libro de teóloga Mercedes Navarro, onde demostra que este ser humano non é aínda nin home nin muller, senón simplemente o Humano, o Telúrico ou sacado do po da terra, que en hebreo se di "adamat", de onde "adam", sen artigo, coma ser indiferenciado.

<sup>3</sup> O traballo do xardín non é visto coma castigo, senón coma algo positivo. Moitos pobos teñen mitos sobre unha árbore da felicidade. Aquí fálase de dúas árbores: a da vida, que axiña vai ser esquecida polo texto, da ciencia do ben e do mal-, que non se sabe ben o que é, pero vai ser obxecto da prohibición divina, para que o Telúrico saiba que el non é o propietario. É importante sinalar que, na linguaxe psicanalítica, a árbore e mailo bosque significan o inconsciente humano, as forzas vitais bravas, sen canalizar.

<sup>4</sup> Chegados aquí, hai que ter coidadiño. Estamos afeitos a ler este capítulo 2 a partir do 3, onde aparece Adán coma nome propio. Aquí non. Estamos aínda perante a estatua de barro indiferenciada, sen xénero, nin masculino nin feminino. Estamos aínda baixo o dominio da maternidade: auga, árbores, misión nutricia (comida).

<sup>5</sup> Comenta Mercedes Navarro: "Este oco podería atopar unha explicación en posibles asociacións sexuais que teñen que ver co abrir, é dicir, co acceso ós ocios internos do corpo, en especial, o acceso á interioridade corporal feminina, ó oco do seu ventre". ¿Imaxe do útero? Probable.

<sup>6</sup> Insisto en que estamos condicionados pola lectura dun Adán que precedeu a unha Eva, convicción que reflicte nas traducións. Por outra parte, é un relato mítico porque os habitantes do paraíso non son persoas históricas.



Se viches traballar a un dos nosos oleiros, coidarás que dificilmente se pode atopar un exemplo máis axeitado para suxerir-lo que é unha creación

## O GRAN VALADO

A Flora non coñecía máis límite territorial que o do concello no que vivira toda a súa vida. O lugar de Romellóns, en Terrasdauga, era para ela o berce, o escaso alimento, a fonte dos coñecementos que en sesenta anos de existencia reunira, a decoración memorizada estacionalmente repetida, a familia, os fillos,...ela mesma, a vida.



Sabía de Madrid, de Barcelona, e mesmo das Américas porque un irmán seu fora á emigración sendo ela moza aínda, e mandaba cartas que escribía por mediación dun que entendía de caligrafías, e que o cura lía cando á fin daban chegado á aldea. Fóra de pouco máis diso, de Compostela (pola cuestión do Apóstolo) e dos lugares circundantes á súa vila, Flora non dominaba o tema da xeografía.

Cousas da vida, a capital da provincia na que Flora vivía cadrou que tiña -disque xa dende os romanos- unha muralla que daba a volta a toda a cidade e que aínda se tiña en pé. Flora pensou se todo iso non sería máis conto que verdade, pero un bo día, o Leandro, o neto máis vello, foi de excursión á urbe e faloulle da famosa muralla con detalle. Tanto lle contou da viaxe e do seu paseo polo adarve, que á vella non lle quedou máis remedio que pensar que todo o que escoitara falar do monumento en cuestión debía logo de ser certo. E picoulle a curiosidade.

Flora non era moi maior, pero as marcas que o paso do tempo deixara no seu corpo non tiñan arranxo, e moito menos as da reuma e as do espiñazo. E metéuselle nos miolos que non pasando

moito tempo ia morrer. Fixo as oportunas disposicións, domésticas e máis pecuniarias, e cando tivo todo amañado, chamou ó fillo, e dixo:

-Pepe, á mañanciña, hasme levar a Ludrio.

Meu dito, meu feito. Pepe levou á nai sen chistar á capital. Non lle estrañou o feito de que ela quixera saír da casa por vez primeira na súa vida. "¡Toladas de vellos! Pensá que vai palmar, e entráronlle as présas por ver mundo", pensou para si. Cando chegaron, tiveron que camiñar un pouquiño ata dar coa muralla. Flora mirou cara arriba, logo á esquerda e dereita. O pano cinguíalle a cabeza e case se lle botaba nos ollos. Non desenlazou por un instante as mans, que termaban a unha da outra. O bolso negro, vello coma ela, colgáballe do brazo dereito, arqueado igual que o compañeiro e que as pernas delgadas como canas, cara a fóra. Non mudou a expresión da boca. Alí, ó pé do histórico monumento, símbolo da cidade bimilenaria, Flora, as mans avultadas e deformes, os pés revirados, faloulle ó ceo, faloulle ó mundo, e dende o seu leal entender espetou a modo de sentencia:

-¡Boh! ¡tanta cousa para un valado de pedra!



EDITA: Empresa periodística A. IRIMIA

DIRECCIÓN: Carmen Puente Fernández, Tlf. 981 585 330.

COORDINACIÓN: Daniel López Muñoz, Rubén Rivas Vidal, Pedro Pedrouzo Devesa.

ARQUIVO FOTOGRÁFICO: Rubén Rivas Vidal, Luciano Pena Andrade. CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Muñoz, Mariano Guizán Sánchez, Luciano Pena Andrade, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Eliseo Miguélez Díaz, Antonio Fdez. Oca, Tonecho Meixide, Anxo Moure, Francisco Carballo, Tintxu, Manolo Sordo, Francisco Lorenzo Mariño, Lois Ferradás, Madó Domínguez, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Miramontes, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Xosé Manuel Carballo, Xosé Alvilares, Agustín Bueno, Manuel Pérez Blanco, Xoán Herranz, Henar, Cristina e Xorxe.

ADMINISTRACIÓN: Pablo Mougán.

Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 981 590 142 (De 15 a 17 horas).

SUBSCRICIÓN: ordinaria: 2.500 pts. real: 3.000 pts. de Apoio: 5.000 pts.

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago / Caixa Postal CC/1302-6000-83-0017905488

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 TIRADA: 1.300 exemplares DESEÑO E MAQUETACIÓN: Ninfa e Riveiro

IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A.L. DISTRIBÚE: IMPACTA

FEITO EN PAPEL RECICLADO



## CONCERTO NA CATEDRAL

Helmunt Rilling co seu coro Gächinger e a Real Filharmonía de Galicia. Anunciáronos con grandes letras como "o concerto do milenio" na catedral para o seis de agosto.

Tal vez os pretensiosos promotores e o seu público ignoren que este templo foi, xa no século doce, centro de concertos coa mellor monodia e polifonía de Occidente. O códice Calixtino é só un exemplo.

Porque, digo eu, saberán que os galegos dispoñemos de máis dunha ducia de concertos deste nivel cada ano, interpretados por auténticos profesionais.

Ou tal vez se refiran con iso do "milenio" a que a fin do mundo está próxima. Nun caso así os promotores da Real Filharmonía son habían de estar para festas. Esa orquestra fraguouse coa inmoralidade dos políticos do PP e do PSOE (e, outra vez, a estulticia do público).

Tiñamos unha orquestra que formaba a estudantes de música galegos e ofrecía un labor de divulgación cultural apreciable, a Xove Orquestra de Galicia. Destruírona, dándonos a cambio unha orquestra formada por músicos traídos do estranxeiro. O mesmo sucedeu no Concello da Coruña, coa diferenza de que alí meteron máis cartos e os músicos son mellores.

Aclaro que non escribo contra os músicos da Filharmonía ou contra Rilling, quen acaso foi cómplice (iso si, por figurar, enchufar a algún colega e dirixir catro concertos, lin na prensa que lle pagaban vinte millóns cada ano).

Escribo contra os políticos que matan de fame a educación musical do país pero ofrecen espectáculos carísimos só disfrutables por minorías que tiveron a sorte ou os cartos para cultivarse musicalmente.

Mentres unha orquestra así custa cada ano centos de millóns, temos escolas primarias con presupostos anuais para música de vinte mil pesetas. Están a conseguir, a ministra Aguirre á cabeza co seu mal chamado "plan de Humanidades", que a música non deixe de ser unha maría.

Volvendo ó concerto, se é grande, éo pola inmensidade do Mesías, aínda que non fixeron a versión orixinal de Händel con textos ingleses senón o arranxo de Mozart cos equivalentes alemáns.

¿Quedaré alguén que lea nestes tempos de pan e circo? Penso que o verdadeiro valor da música comporta humildade e exclúe a vaidade. Está no encontro, na comunión de ser e facer...cos outros. Se nos falta o Amor non somos nada.

E os mercadores aínda está no templo. E non temos un Xesús para os botar.

Cesar Salgado

Benqueridos compañeiros e compañeiras:

Remítovos o resgardo da subscrición, e aproveito para dicirvos que me gusta o cambio de imaxe da revista. Que tamén me gustaba a sección da Biblia, e non a modificaría, pero xa que están así as cousas, os temas que lle propoño a Xosé Chao para o *Faladoiro no adro* serían cousas que nos critican outras relixións coma: a validez da "tradicón, a filiación divina de Cristo, a "virxindade" da Virxe.

Polo demais, grazas por seguir aí, aínda que ás veces non me convenzades moito.

Alicia

## I M P R E S O D E S U B S C R I C I Ó N

Se queres subscribirte á revista IRIMIA, ou coñeces a alguén que lle poida interesar e recibir de balde os tres próximos números, recorta e envíanos os datos ó Apartado 980 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA

NOME: ..... APELIDOS: .....  
ENDEREZO: .....  
CÓD. POSTAL: ..... CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: .....

PARA SUBSCRICIÓN:  
SUBSCRICIÓN ANUAL - SINALAR CUN X:  
Ordinaria: 2.500 pts.  Real: 3.000 pts.  De apoio: 5.000 pts.

DOMICILIACIÓN  
BANCO OU CAIXA E AFORROS: .....  
DOMICILIO DO BANCO: ..... CÓD. POSTAL: .....  
CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: ..... TITULAR DA CONTA: .....  
Nº de CONTA: - - - - / - - - - / - - - - / - - - -

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En ..... a ..... de ..... de 199...

Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.

Conta: CAIXA GALICIA: 2091-0349-45-3040005822  
CAIXA POSTAL: 1302-6000-83-0017905488



Tintxu

**AS DÚBIDAS DE ROMAY** As últimas semanas ocupou as primeiras páxinas da actualidade galega o papel do ministro de Sanidade e presidente provincial do PP da Coruña, Xosé Manuel Romay Beccaría. No fondo segue sendo o mesmo conto con que rematabámolo curso anterior.

Agora o asunto concrétese na candidatura á alcaldía da Coruña, un papel difícil que non ten moitos candidatos a enfrontarse ó derradeiro baluarte que lles queda ós socialistas, Francisco Vázquez. O asunto é vello e xa deu moitas voltas: hai algún tempo Antonio Couceiro aspiraba a xogar forte na política local, pero agora xa non lle quedan folgos para estas lérias.

Pola contra, Augusto César Lendoiro, logo das súas desventuras co Deportivo, segue tendo humor para medirse unha enésima vez co seu ex compañeiro de colexio, Francisco Vázquez, malia os malos tragos que lle fixo pasar nas tres ocasións anteriores. Quizais porque agora ten novas e fortes motivacións de política interna do PP: conseguiu no recente congreso entrar a formar parte do comité electoral, do que quedou fóra Romay Beccaría.



Lalo R. Villar

Hai ruído de sabres entre os capitáns. O xeneralísimo observa e toma nota.

Por iso as cousas destes días son reviravoltas de vellos conflitos, pequenas batallas da sempiterna cuestión sucesoria de Manuel Fraga, que veñen librando capitáns de segundo rango baixo a dirección ou polo menos co apoio firme dos aspirantes á sucesión. Nesa liña hai que entende-lo intento de poñer de candidato á alcaldía de Santiago a Xerardo Conde Roa, brazo dereito de Romay, e os ataques recibidos neste caso por parte de Francisco Cacharro (firmé valedor da que foi cabeza de lista do PP compostelán nas últimas convocatorias, María Xesús Sáinz).

Os resultados destas batallas da Coruña e Santiago, ademais das doutras cidades galegas, onde o liderato do PP non está moi claro (como Vigo e Pontevedra, onde Cuiña ten aberto outro fronte, con Mariano Rajoy como último adversario), van amosa-la evolución próxima das forzas internas do PP de Galicia. Mentres, en Madrid, seguirán predicando con grandes palabras, como de gaña-lo centro e descubrir non sei cales novos dirixentes. Os novos cadros de Galicia teñen nomes, apelidos e padriños ben coñecidos.

## O CANTAR DO IRIMEGO

1. Chámanse Os Irmandiños.  
Sucedeu na Idade Media.  
quixo ser revolución  
e rematou en traxedia.
2. Eran labregos e servos  
que o xugo dos señores  
intentárono fender  
soñando en tempos mellores.
3. As irmandades galegas  
funcionaban vento en popa:  
as melloriñas de España,  
e hai quen di: tamén de Europa.
4. Axudados polos nobres  
que tiñan menos facendas  
contra os nobres máis ricachos  
tomaron eles as rendas.
5. Así mesmo, o clero baixo,  
na revolución se alista  
pois pensa que o Evanxeo  
ten que pillar outra pista.
6. "Deus e os Irmáns de Galicia"  
era o lema destas xentes  
posto que eran galegos  
pero tamén eran crentes.
7. Artellaron unha guerra  
destruíron ben castelos  
moitos nobres mandamais  
liscaron nada máis velos.
8. Se venceron os labregos  
na revolta primeiriña  
co apoio dos Reis, os nobres  
venceron logo axiña.
9. Na Romaxe de Cadeiras  
varios grupos de crentes  
pra facérense Irmandiños  
amósanse dilixente.
10. Sen máis armas cá palabra  
intentan abrir camiño  
proclamando unha angueira:  
O Bienio Irmandiño.
11. Varios grupos de galegos  
dous anos queremos ter  
para que a Igrexa en Galicia  
Galega ela chegue a ser.
12. Ti, irimego, ti, irimega,  
a voz de Galicia escoita.  
comprométete a entrar  
nesta irmandiña loita.